




XUNTA ELECTORAL DE GALICIA




Achégase Resolución do 3 de xullo de 2009 relativa ao nomeamento dos membros integrantes da Xunta Electoral de Galicia.

Prégase se dispoña a súa inserción no Diario Oficial de Galicia.

Coruña, 3 de xullo de 2009
Miguel Ángel Cadenas Sobreira
Presidente da Xunta Electoral de Galicia



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA



Resolución do 3 de xullo de 2009 relativa ao nomeamento dos membros integrantes da Xunta Electoral de Galicia.

A Presidencia da Xunta Electoral de Galicia, en cumprimento do Decreto 338/2009, do 25 de xuño, da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 125, do 29 de xuño), procedeu ao nomeamento dos membros integrantes da Xunta Electoral de Galicia.

Deste xeito dáse contido ao disposto no artigo 15 da Lei autonómica 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, onde se establece que os nomeados por decreto, ao comezo de cada Lexislatura, permanecerán no exercicio do seu mandato ata a toma de posesión da nova xunta electoral.

Na súa virtude, é ao abeiro do disposto no artigo 18.6º da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, e en execución do acordo adoptado pola Xunta Electoral de Galicia na reunión do día de hoxe, esta Presidencia resolveu declarar:

O día 3 de xullo constitúese a Xunta Electoral de Galicia cos seguintes membros:

Presidente: Miguel Ángel Cadenas Sobreira, presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (artigo 14.1º a) da Lei 8/1985, do 13 de agosto).

Vicepresidente: Juan Jose Reigosa González, maxistrado do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (artigo 14.1º b)).

Vogais: maxistrados do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (art. 14.1º c)):


José Antonio Méndez Barrera
José María Gómez y Díaz-Castroverde
Isabel Olmos Parés

Vogais: profesores en activo das facultades de Dereito de Santiago de Compostela e A Coruña (artigo 14.1º d)):

Ángel Gómez Iglesias Casal
Jesús Martínez Girón
Xosé Manuel Carril Vázquez
Javier Ruipérez y Alamillo

Secretario: Xosé Antón Sarmiento Méndez. Letrado maior do Parlamento (artigo 15.2º).

O que se publica para xeral coñecemento.

A Coruña, 3 de xullo de 2009

Miguel Ángel Cadenas Sobreira
Presidente da Xunta Electoral de Galicia

Diario Oficial de Galicia.